

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2024

Segundo marca a *resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, este ano toca **renovar parcialmente os membros do consello escolar**. Para iso, temos que levar a cabo en primeiro lugar, a **composición da Xunta Electoral** que estará composta por:

- Directora
- Representante da titularidade
- Pai/nai/titor (elixido por sorteo)
- Un representante do profesorado (elixido por sorteo)
- Un membro do P.A.S . (elixido por sorteo)

Tendo isto en conta, procedemos a imprimir o censo de todas as partes implicadas na comunidade educativa. **A partir de hoxe**, día 15 de outubro, podedes pasar por ambos edificios (infantil e primaria) para **cotexar** que os vosos **datos** estean ben. No caso de que vexades algunha errata, por favor, facédello saber á dirección do centro.

O día **venres 18 de outubro ás 16:30h** no edificio de primaria farase o **sorteo público** para a elección da Xunta electoral onde sairán os representantes de familias, profesores e P.A.S.

O **luns 21 e martes 22 de outubro** serán días para presentar **reclamacións** aos resultados, e o **mércoles 23 ás 16:30h, constituirase** de maneira **presencial** por primeira vez a **Xunta Electoral**.

Un cordial saúdo e moitas grazas,

A directora, Yolanda Gómez.